

O SAL DA TERRA

Herbert J. Biberman, 1954

1544

ESTREA EN NUMAX: 02.07.2025 | V.O.S.E. | 89 min

Mina de zinc de Novo México, 1951. Os mineiros de orixe mexicana néganse a seguir recibindo salarios inferiores aos dos seus compañeiros anglosaxóns pola realización do mesmo traballo. Á súa vez, as mulleres néganse a seguir tendo un papel inferior ao do home na sociedade. Unha constante loita pola igualdade entre persoas de diferente nacionalidade e tamén entre as de diferente sexo. Unha folga indefinida que obterá os resultados agardados só se todos se manteñen unidos na protesta.

“O sal da terra” terá dúas proxeccións no ciclo “10/10. As espectadoras presentan” no que, dentro da celebración do décimo aniversario da cooperativa convidamos as dez usuarias máis habituais da sala a seleccionar e programar unha película de cabeceira. Neste caso o programador das sesións é Emilio Barreiro que nos comparte o seguinte texto:

«Vin “O sal da terra”, de Herbert J. Biberman, no cine Valle Inclán da Coruña a principios dos anos oitenta (...) Cando a vin gustárame moitísimo, pero a tiña moi esquecida. Volveume ver recentemente, e volveume a parecer unha película extraordinaria (...) Gran parte do equipo foi perseguido pola caza de bruxas de McCarthy. O filme é un carrusel de emocións. Por momentos é moi dura, pero tamén ten moitísima tenrura; é drama, pero tamén ten humor; pero sobre todo, para min, o gran logro é que con moi poucos medios e moita honestidade, logra contar unha marabillosa historia de solidariedade»



Esperanza

Por Jaime Castán

O sal da terra é unha película estadounidense de 1954 dirixida por Herbert J. Biberman que narra os acontecementos ocorridos durante a histórica folga mineira de 1951 contra a Empire Zinc Company en Grant County (Novo Mexico) e o papel protagonista das mulleres na mesma. Aínda que na película a compañía é nomeada "Delaware Zinc" e a localidade dos feitos "Zinctown". Dun estilo neorrealista o filme parece por momentos un documental, cunha narración simple, pero abordando distintas problemáticas e lanzando mensaxes de profundo calado.

Rescatamos a película de Herbert J. Biberman, xa que a pesar da escaseza de medios coa que foi realizada e de ter xa máis de sete décadas, envelleceu de forma magnífica cunha mensaxe combativa e de esperanza. Non é casualidade que o personaxe protagonista se chame "Esperanza". É importante comentar o contexto no que foi realizada, en plena "cazas de bruxas", o que provocou que os seus autores foran duramente perseguidos. Tanto o director Herbert J. Biberman, como o guionista Michael Wilson ou o produtor Paul Jarrico formaron parte das "listas negras" de Hollywood. De feito, para tratar que a película non puidese ser realizada, deportaron en plena rodaxe á actriz principal, Rosaura Revueltas, quen interpretaba a Esperanza Quintero, tendo que terminar a película no estranxeiro.

Estas dificultades uníanse aos obstáculos dos medios dispoñibles, como reflicte o seu elenco. De todas as actrices e actores, tan só cinco eran profesionais, o resto era poboación local ou membros da "International Union of Mine, Mill and Smelter Workers", organización que ademais axudou no financiamento da película. Tal é así, que o papel principal de Ramón Quintero, esposo de Esperanza e líder da folga, foi interpretado por Juan Chacón, quen era na vida real o presidente do sindicato local. Dentro do relato dos meses que durou a folga, mestúranse varias cuestións. Desde a vida dura e humilde das familias mineiras, pasando polo rol imperialista na rexión dos EEUU, a discriminación que sofren os obreiros mexicanos con respecto aos "anglos" ata a discriminación e opresión que sofren as mulleres.

Ao comezo do conflito as mulleres apoian aos mineiros, pero son relegadas a un papel secundario, ocupándose das tarefas reprodutivas e do coidado dos fillos. Con todo, conforme se desenvolve a historia e a folga, as mulleres van cobrando un protagonismo cada vez maior á vez que os roles de xénero vanse alterando profundamente, de maneira que as mulleres poñen en cuestión as actitudes machistas dos seus compañeiros e esposos, así como do sindicato. Desta maneira, a película mostra como a experiencia colectiva na loita por unha vida digna desenvolve a conciencia dunhas familias obreiras que se fortalecen a partir da solidariedade.

Terminamos citando un diálogo que ten Esperanza, a protagonista, co seu marido Ramón, cando este non acepta e non recoñece á súa esposa como compañeira na loita: «Por que tes medo de aceptarme como amiga? É que non aprendiches nada desta folga? Por que temes que eu loite ao teu carón? Aínda cres que podes ter dignidade se eu non a teño? ... Si, falo de dignidade. Os patróns menosprézante e por iso os odias. Dinche: "fica no teu lugar, sucio mexicano". Por que me dis a min que fique no meu sitio? Sénteste mellor se hai alguén inferior a ti? A quen terei que pisar eu para sentirme superior? E de que me servirá? Non quero que ninguén se sinta tan inferior coma min, quero levantarme e loitar para que todos avancemos. Se non o entendes es un parvo, porque non podes gañar esta folga sen min. Non gañarás nada sen min!».